

CONVOCATORIA	CL2024M
PRAZA/POSTO	PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A DA RAMA TRIBUTARIA, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA E INTEGRADAS NON GRUPO C1 (CL2024M) – QUENDA LIBRE
TIPO	TERCEIRO EXERCICIO - SUPOSTO PRÁCTICO.
DATA	2/04/2025

TERCEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, INTEGRADAS NO GRUPO C1 DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, QUENDA LIBRE (CL2024M).

(Tempo para a realización do exercicio: 90 minutos)

SUPOSTO PRÁCTICO

Con data 3 de marzo de 2023, ante o notario D. Luís Rollo Martínez, outórgase escritura de aceptación e adxudicación parcial de herdanza pola que Dna. Martina adquire a plena propiedade da que era a vivenda habitual do seu tío D. Manuel, falecido o 10 de setembro de 2022 a causa dunha longa enfermidade. Trátase dunha construción situada nun terreo urbano do Concello de Tomiño, con grandes posibilidades urbanísticas.

O 5 de xaneiro de 2024, Dna. Martina doa esta propiedade mediante escritura pública a D. José Montoya, que desexa realizar unha reforma integral da vivenda. Tras consultar con varias empresas, selecciona á que ofrece realizar a obra por un total de 78.000 € e dada a urxencia da reforma, decide non solicitar licenza nin realizar ningún trámite adicional.

Unha vez finalizada a reforma, D. José solicita licenza para utilizar a vivenda como aloxamento turístico, comezando a explotala a partir

da data de outorgamento da devandita licenza (2 de maio de 2024).

O día 30 de novembro de 2024 recibe a comunicación de inicio dun procedemento de comprobación limitada para o alta no padrón da taxa pola recollida de lixo, debido a que non consta presentada a declaración esixida na correspondente ordenanza fiscal. O señor Montoya, dentro do prazo concedido, presenta alegacións ao devandito procedemento, achegando un escrito asinado polo alcalde do municipio no que se lle perdoa o pago da taxa de lixo a cambio da realización dunhas obras na beirarrúa situada xusto diante da vivenda.

As alegacións foron desestimadas, ditándose resolución pola que se aproban liquidacións en concepto de taxa pola recollida de lixo, coa tarifa "Vivendas Turísticas de calidade superior" de 350€/semestre, correspondentes ao período do 02/05/2024 ao 31/12/2024. A resolución e as liquidacións foron notificadas conxuntamente o día 1 de xaneiro de 2025, a través de comparecencia electrónica.

Desconforme coa mesma, D. José presenta por medios electrónicos o día 2 de febreiro de 2025 (domingo), un recurso no que solicita a anulación das liquidacións e a súa aprobación a nome de Dña. Florinda González, xa que tivo a vivenda turística alugada do 02/05/2024 ao 31/12/2024, debido a que lle gustaba moito a contorna e, cando se lle acababan os días do aloxamento inicialmente pactados, continuaba prorrogando a súa estancia semana a semana.

**RESPONDA MOTIVADAMENTE ÁS SEGUINTE CUESTIÓNS EN RELACIÓN
Ao SUPOSTO EXPOSTO:**

1- A efectos do IIVTNU, cualifique os tipos de transmisións efectuadas, suxeitos pasivos e as datas de pagamento. (1 punto)

2- Sería posible a aplicación dalgunha bonificación na cota do IIVTNU? (1 punto)

3- Indique o prazo para presentar a declaración do IIVTNU, así como o prazo do que dispón o suxeito pasivo para pagar a correspondente liquidación en período voluntario. (1 punto)

4- Podería ter D. José Montoya algunha obrigaón tributaria como consecuencia das obras realizadas, a pesar de non solicitar a licenza? (1 punto)

5- Indique se considera que D. José Montoya, ao seu xuízo, debe ou non pagar a taxa de lixo, en vista do escrito do alcalde. (1 punto)

6- En relación cos feitos que motivaron a apertura do expediente de comprobación limitada, considera que D. José Montoya puido cometer algunha clase de infracción tributaria? En caso afirmativo, indique a mesma, así como os criterios de gradación para a cuantificación da sanción que puidese levar aparellada. (2 puntos)

7- Considera que a taxa de lixo da vivenda correspondente ao período 02/05/2024 ao 31/12/2024 debe liquidarse a D. José ou Dona Florinda? (1 punto)

8- Indique a tramitación para seguir no recurso presentado, sinalando as diferentes cuestións procedementais, así como o sentido en que debese pronunciarse a resolución. Xustifique a súa resposta. (2 puntos)